TEXTO PARA O MONOLITO HOMENAXE DO “POZO DA REVOLTA” ELABORADO POLOS INVESTIGADORES DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN “AS VÍTIMAS, OS NOMES, AS VOCES E OS LUGARES”

O golpe de estado do 18 de xullo de 1936, converte este lugar en escenario do asasinato de persoas de distinta condición social, ideoloxía, idade, xénero ou procedencia. Elas nunca imaxinaron que ían ser vítimas dunha represión tan brutal e sen precedentes. Morreron por representaren a transformación social, política e cultural dunha Galicia máis democrática. Os seus corpos abandonados ou desaparecidos propagaron o terror... Iniciábase un longo tempo de medo e silencio.

Setenta anos despois quédanos a memoria

As vítimas, os nomes,
as voces e os lugares
Proxecto interuniversitario